

A Coruña, 8 de marzo de 2016

Unha iniciativa de Fundación Repsol

Talleres sobre eficiencia enerxética para escolares da Coruña

Por primeira vez, o programa educativo Enerxía con conciencia de Fundación Repsol, chega á Coruña, co obxectivo de sensibilizar aos mozos de 3º de ESO para ser máis responsables no uso dos recursos enerxéticos. Este programa conta coa participación de voluntarios Repsol.

Xa está en marcha na Coruña o programa [Enerxía con conciencia](#) de Fundación Repsol. O Colexio Maristas Cristo Rey sumouse a esta iniciativa que achega o concepto de eficiencia enerxética aos escolares de 3º da ESO.

En total, os 30 alumnos participantes na Coruña, realizarán unha auditoría enerxética do seu centro, o que lles axudará a comprender como ser máis eficientes no uso dos recursos enerxéticos no día a día. Neste proceso, contarán co apoio de 2 voluntarios Repsol, un empregado e un xubilado da compañía enerxética.

Os [voluntarios](#) acoden durante unha xornada escolar para realizar diferentes talleres e experimentos nos que os alumnos se achegan ao concepto de eficiencia enerxética. Nestas actividades prácticas, os mozos descubren as propiedades dos illantes nunha pataca, sorpréndense cos consumos eléctricos dalgúns dos aparellos que hai nas súas casas e experimentan o funcionamento da rede de abastecemento de auga e a importancia de facer un consumo responsable, entre outras moitas cousas.

A visita dos voluntarios ao centro da Coruña desenvólvese o 8 de marzo. Posteriormente, os alumnos deben continuar coa auditoría, revisando as facturas de subministracións e detectando posibles áreas de mellora. A final de curso, poderán presentar o seu informe de auditoría, e as mellores presentacións a nivel nacional, poderán participar nunha nova edición do [campionato Enerxía con conciencia](#), organizado por Fundación Repsol.

Tras unha primeira edición en Madrid, este é o segundo ano consecutivo no que se lanzou esta iniciativa de Fundación Repsol. No curso 2015/2016, está a desenvolverse en 18 centros escolares na Coruña, Cidade Real, Madrid, Murcia, Tarragona e Bizkaia, contando coa colaboración de máis de 80 voluntarios Repsol.

Enerxía con conciencia forma parte do programa *Aprendenergía* de Fundación Repsol, que nace co obxectivo de divulgar temas relacionados coa ciencia e a enerxía, especialmente entre os máis novos.